



Introdución e motivación

A normalización lingüística é un proceso social que procura, ao abeiro da lexislación vixente, a xustiza no ámbito sociolingüístico, para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos pode dar a lingua propia do noso país. É responsabilidade de todos e de todas contribuírmos a manter a diversidade e a riqueza lingüística e cultural do mundo dándolle continua vida ao galego, para que poidamos ollar, imaxinar, vivir e describir as cousas, os feitos ou as ideas con óptica propia e desde a lingua xenuína que aquí se foi creando, e para que poidamos facelo con normalidade.

O proceso de normalización lingüística, para que sexa efectivo, debe ser asumido pola cidadanía, mais as administracións públicas teñen a obriga legal e a responsabilidade social de apoiar e promover ese proceso, para o que deben implementar políticas lingüísticas activas.

Para isto, as administracións locais xogan un papel fundamental, principalmente por seren as administracións máis próximas á cidadanía, coas que a xente ten unha maior relación e contacto frecuente, e as que desenvolven accións e xestionan os servizos máis próximos á veciñanza.

E, deste xeito, as deputacións, que deben ter como finalidade principal a de colaborar e cooperar na xestión da actividade municipal, deben asumir tamén as súas responsabilidades e obrigas no ámbito da normalización lingüística, impulsando, colaborando e cooperando cos concellos para que estes poidan contar con servizos e desenvolver accións e medidas de cara ao fomento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais.



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Os servizos de normalización lingüística (SNL). Definición e funcións xerais

Para desenvolveren e implementaren as súas políticas en calquera ámbito, os concellos dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística teñen departamentos de urbanismo, para desenvolveren as políticas culturais teñen departamentos de cultura, para desenvolveren as políticas sociais crean departamentos de servizos sociais... E no ámbito da política lingüística eses departamentos técnicos son os servizos de normalización lingüística (SNL).

Os servizos de normalización lingüística comezaron a crearse en Galicia a raíz da Lei de normalización lingüística (1983), da Asemblea de Alcaldes de Compostela (1984), da Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais (1988) e da primeira convocatoria de subvención para corporacións locais para a creación de servizos de normalización lingüística municipais (1991).

O obxectivo principal dos SNL debe ser o de procurar o incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais, para o que deben ter, resumidas, as seguintes funcións:

Funcións xerais internas: asesorar a Administración en todo o relacionado coa política de fomento do uso e prestixio do galego, velar polo cumprimento da lexislación en materia lingüística, asesorar para que se teñan en conta e propor criterios lingüísticos normalizadores transversais en accións de todas as áreas municipais, etc.

Dinamización lingüística: planificar, xestionar e avaliar programas, accións, campañas, liñas de informa-



ción e axuda, etc., para o fomento da lingua no conxunto da cidadanía e nos diversos ámbitos e sectores: deporte, asociacionismo, hostalaría, comercio, festas, lecer, empresa, etc.

Formación (socio)lingüística: planificar, xestionar e difundir programas de formación lingüística e sociolingüística, difundir materiais, recursos, lexislación lingüística, etc.

Asesoramento lingüístico: mellorar a calidade lingüística e comunicativa das entidades locais, resolver dúbidas lingüística, ofrecer apoio para o uso do galego, etc.

O papel desenvolvido polas deputacións con respecto á normalización lingüística

En primeiro lugar, como administracións públicas que son, as deputacións deben usar a lingua galega nas súas accións, intervencións e comunicacións, para cumprir coa mínima obriga legal e responsabilidade social.

Mais o seu papel con respecto á normalización lingüística debe ir, loxicamente, moito máis aló do uso do galego, e debería basearse, principalmente, e atendendo ás súas funcións, en impulsar, colaborar e cooperar cos concellos da provincia para que estes poidan contar con servizos e desenvolver accións e medidas de cara ao fomento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais do municipio.

Analizando o que fixeron as deputacións ata o de agora, cómpre destacar que non se unifica-



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

ron obxectivos nin procedementos á hora de actuar e interactuar cos concellos en materia de normalización lingüística. A actuación dos servizos de normalización lingüística nos entes provinciais, aínda que existentes, nalgúns casos con boa dotación de persoal, é moi dispar, e hai desde servizos que se dedican á corrección e tradución de textos e publicacións, a outros que realizan só labores de asesoramento lingüístico nos entes provinciais.

A única das deputacións que fixo planificación, dinamización, colaboración e axuda cos concellos para a normalización lingüística nos últimos anos foi a da Coruña. E un exemplo desa acción foi a creación do programa de cooperación cos concellos da provincia, destinado a colaborar cos custos do persoal dos servizos de normalización lingüística. Nun primeiro momento, desde o ano 2005, fíxose achegándolle a cantidade de 12.000 euros anuais a cada concello con SNL, contía que se rebaixou á metade a partir de 2012. Ademais, ata 2011 a colaboración entre Deputación e concellos asinábase de xeito plurianual, e a partir de 2012 pasou a ser anual, co que se perdeu estabilidade. Xa no primeiro ano de creación desa liña de axudas, conseguise practicamente duplicar o número de concellos da provincia con servizos técnicos para o fomento do galego, que pasaron en 2005 de 16 a 29, e que chegaron algún ano a 50.

Esa liña de axudas, coa que se conseguiu creación e estabilización de servizos de normalización lingüística por toda a provincia, permitiu, ao mesmo tempo, unha liña de cooperación e acción conxunta entre todos eses SNL, que fixo posible accións como o Encontro de Política Lingüística desde as Administracións Locais da Coruña para coordinar e impulsar o labor dos SNL, o Premio Rosalía de Castro a iniciativas normalizadoras, a Festa da Lingua coa intención de que fose rotando por diversas localidades e outras accións e campañas



que se foron desenvolvendo con implantación territorial nos municipios con SNL, e que foron minguando ata desapareceren moitas delas a partir de 2012, coincidindo tamén coa rebaixa á metade da axuda económica da Deputación aos concellos.

Propostas concretas para que as deputacións galegas se impliquen no proceso de normalización lingüística

Con todo isto, desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), facémoslles ás deputacións provinciais as seguintes propostas concretas, para que asuman e, deste xeito, cumpran coa súa obriga legal e responsabilidade social no proceso de normalización da lingua galega:

A. Que as deputacións creen (no caso das de Lugo, Ourense e Pontevedra) ou melloren e incrementen economicamente (no caso da da Coruña) unha liña de cooperación económica cos concellos da provincia, para que estes poidan contar con servizos de normalización lingüística co obxectivo de incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais dos municipios e comarcas. Para que sexa efectiva, o ideal é que esa liña de cooperación sexa plurianual, asigne unha contía económica suficiente para sufragar os custos necesarios e estableza o obxectivo e as funcións básicas dos SNL, de acordo co explicado nesta proposta, e os criterios mínimos consensuados en canto a categorías profesionais, perfís, etc.



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

B. Que as deputacións impulsen a planificación e desenvolvemento de accións normalizadoras desde os diversos servizos de normalización lingüística municipais ou comarcais, para que así cheguen ao maior número de ámbitos, sectores e cidadáns e cidadás posible, e de xeito planificado e coordinado.

C. Que as deputacións elaboren, aproben e apliquen un plan de actuación ou regulamento transversal a través do que se establezan criterios lingüísticos e medidas transversais en todas as súas accións e áreas de actuación, de xeito que con todas elas se procure o incremento social do uso e prestixio do galego. Esas medidas e criterios lingüísticos básicos débense aplicar tanto en accións propias que cada deputación desenvolva en todas as súas áreas como naquelas bases ou criterios que se apliquen á hora de conceder subvencións, de asinar convenios, de concesionar servizos, etc.

Agosto de 2014